

Intervención de Carlos Méixome na entrega dos restos de Joaquín Iglesias.

Nigrán, 27 de novembro 2011.

Bo día a todos e todas. Bo día Ulpiano, Marina e demais familiares de Joaquín Iglesias Portela. Bo día Sr. Alcalde de Nigrán.

Semella que a casualidade como dicimos no noso pensamento ilustrado e racional ou o destino, o fatuum, como dirían as xentes da antigüidade clásica axuntou no día de hoxe, en Nigrán, no cemiterio de San Pedro da Ramallosa, a dúas persoas de ben, a dúas persoas que ergueron durante toda a súa vida a bandeira da xustiza, da dignidade e do compromiso coas xentes do súa terra e do seu tempo. E ámbolos dous vítimas da violencia irracional, como é sempre a violencia, dos que nunca queren perder nin o máis mínimo dos privilexios políticos, económicos e ideolóxicos que ostentan, e para elo están dispostos a cometer as máis grandes barbaridades, por que no seu calculado egoísmo están a defender o que coidan que é seu, naturalmente seu, divinamente seu, a seu predominio sobre os demais.

Hoxe en San Pedro van ser soterrados dous homes de ben. Joaquín Iglesias Portela e Paco de Riego. O primeiro, republicano, concelleiro de Nigrán electo pola vontade popular expresada nas urnas electorais, en maio de 1931, destituído polo ovo da serpe fascista, polo goberno radical-cedista de Lerroux e Gil Robles e restituído no seu posto de concelleiro representante dos cidadáns polo goberno da Fronte Popular en febreiro de 1936. Traxicamente devorado pola besta amamantada nos cuarteis, nas sancristías e nos despachos do capital e do poder. Máis a besta só está durmida pola vontade democrática, pero algúns,

que poden sentir ameazadas as súas posicións de privilexio poden, de novo, sentir a tentación de revivila.

En 1936, Joaquín era un home feito e dereito, pai de oito fillos, carpinteiro; don Paco un mozo universitario que viña de rematar a carreira comezaba a dar algunhas clases na Universidade. A Joaquín roubáronlle a vida e deixaron aos seus fillos e fillas na miseria. A don Paco roubáronlle a mocidade, tivo que refuxiarse en Vigo, despois alistarse no exército e durante anos recibir, de cando en vez, a visita da policía política por que algún xerifalte franquista se achegaba a Vigo ou por que o réxime preparaba calquera acto de propaganda política. Agora, os dous, dende o alto de San Pedro, ollarán para sempre no mar a liberdade pola que loitaron toda a súa vida.

Lembro ben cando hai uns tres anos recibín a chamada dun amigo de Ulpiano, meu, e de moitos do vós. Era Manolo Rial, que ata había pouco fora alcalde de Nigrán. Chamábame para dicirme que un veciño seu, ao que lle mataran o pai no 36, quería saber si se podía facer algo para recuperar os seus restos e soterralos dignamente.

Foi así como tomando un café na compañía de Manolo Rial, coñecín a Ulpiano. Informounos, do nome do pai, da súa vida, de que el era o máis cativo, de que ao seu irmán maior, despois de matar ao pai e o único en idade de traballar, obrigárono a ir á guerra, do lado dos asasinos do pai, onde o maltrataron cruelmente e de onde regresou tuberculoso, ao pouco faleceu. Tres das súas irmás contaxiáronse e acabaron morrendo na miseria económica e na marxinação social. O emocionado Ulpiano, mentres me contaba a súa vida de inxusto sufrimento

non pedía nada, non reclamaba nada, nada esixía, só quería saber onde estaban os restos do seu pai e darlle digna sepultura. Entre bágoas dicíanos que o mataran para un lado de Baiona debaixo dunha figueira. Alguén se atreve a negarlle este dereito!

Daquela andábamos argallando o proxecto de exhumación das fosas comúns de San Xián, no Rosal, e dos Nove en Baiona, decididamente impulsado pola Conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo que pretendía facelo, e así se fixo, con todo o rigor científico como nos relata o doutor Serrulla no seu escrito que vos lerei a continuación. Lembrar que foi esta a primeira e única ocasión na que unha institución do estado impulsou directamente a exhumación de asasinados tras o golpe militar-fascista de 1936. Así pois, infortunadamente os únicos traballos que se puideron realizar ao abeiro do convenio asinado pola conselleira Bugallo, foron os que fixemos no Val Miñor. Por certo a actual administración autonómica negouse a sufragar os mínimos gastos da escavación, realizada grazas á xenerosidade de veciños e veciñas do Miñor, baixo a dirección técnica do Instituto de Estudos Miñoranos.

Do segundo cadáver exhumado nada sabemos. Sospeitamos, estamos case seguros, de que se trata de outro veciño de Nigrán, como os tres da Fosa 1 eran de Gondomar. En terminoloxía actual chamariámoslle un DESAPARECIDO. Enterrarémolo, ao remate deste acto no cemiterio civil municipal do Ceán. Agardando que algún día os seus familiares poidan saber del e se poida identificar.

Para rematar só quixera agradecervos a todos e todas a vosa presenza neste acto de humanidade, xustiza e compromiso democrático. Agradecerlle á corporación municipal que acollese

neste salón de plenos, do que Joaquín formou parte, este simbólico acto de entrega dos seus restos á súa familia. Ao alcalde, Efrén Juanes, a súa presenza neste como en moitos outros actos relacionados coa recuperación da memoria duns feitos que desexamos nunca volvan acontecer nin entre nos nin en calquera outro lugar do mundo. Ao concelleiro e tamén recuperador da memoria de 1936 en Nigrán, Juan González o seu traballo para que todo estivese preparado en tempo e forma e finalmente á familia de Ulpiano, e nomeadamente á súa filla Marina, a paciencia pola espera que se prolongou en exceso. Mais por fin o traballo está feito e Joaquín poderá descansar con sosego na nosa memoria.

Obrigado a todos.